

**ASUNTO: Alegacións ao PARQUE EÓLICO BORREIRO, expediente IN408A 2019/63**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Nº \_\_\_\_\_,  
con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_,  
municipio de \_\_\_\_\_, provincia de \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista da RESOLUCIÓN do 13 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Borreiro, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra (IN408A 2019/63). DOG Núm. 196, de 14 de outubro de 2022., por medio do presente escrito realízanse as seguintes **ALEGACIONES:**

- 1. O Plan Sectorial Eólico de Galicia** ao amparo do cal se desenvolve o proxecto do PE Borreiro e a súa liña de evacuación **nunca foi sometido á avaliación ambiental estratéxica como se establece no art. 6 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, con isto estanse incumprindo ademais os preceptos que se derivan das seguintes normas de dereito da UE: Directiva 2011/92/UE (DOUE L 26 /1 de 28.01.2012); a Directiva 2003/35/CE; e, a Directiva 2001/42/CE (DOCE nº L 197/30, 21-07-01).**
- 2. A tramitación do proxecto incumpre as garantías en canto ao dereito de acceso á información ambiental e á participación do público na toma de decisións en materia de medio ambiente recollida no Convenio de Aarhus, no art. 45 da CE e na Lei 27/2006 que incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE.** Ademais, as persoas afectadas atópanse nunha feble posición e nunha situación de indefensión ao respecto dos seus dereitos de participación no procedemento (vulnerando o recollido no art.12.2 da Lei 4/2019 da Administración dixital de Galicia), así como polo sometemento continuo dos afectados a tres fases de exposición consecutivas de 3 PE que afectan a unha mesma área dende xullo: Pedra Longa (IN408A 2019/32), Cabanelas (IN661A 2010/2-4), e Borreiro.
- 3. O proxecto é incoherente cos criterios establecidos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia** ao non estar debidamente xustificadas, alén do seu carácter supramunicipal, os requisitos previstos no artigo 41.2 para ser declarado como proxecto de "Interese Autonómico". Neste senso, chama a atención que presentándose como un proxecto cunha función vertebradora do territorio e con interese público e utilidade social non se presente un avaliación da aceptación social, sendo un requisito derivado do art. 1 do *Convenio de Aarhus*.
- 4. As actuacións necesarias para o traslado dos aeroxeradores recollidas no "Road Survey" do EIA resultan nunha serie de impactos e afeccións ao medio que non son avaliados e que exceden amplamente a área do proxecto.** Varias actuación atravesan ou invaden zonas de Dominio Público Hidráulico e de policía de cauces, sen contar coa pertinente autorización previa de Augas de Galicia, sobre chan de protección ecolóxica (PXOM Forcarei) ou a escasos metros da Rede Natura 2000 (ZEC Serra do Cando ES 1140014).
- 5. O estudo de alternativas do EIA presenta graves deficiencias e erros que incumpren os requisitos establecidos no artigo 35 (desenvolvido no anexo VI.2.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.** A análise da alternativa 0 non é obxectiva, só presenta datos vagos inxustificadas. Non hai unha análise comparativa entre as alternativas A (a escollida) e a B, obviando os requisitos establecidos na lei e invalidando de facto o resto do EIA ao carecer dun fundamento de base e xustificado da alternativa escollida e por tanto avaliada.
- 6. Falta de avaliación dos efectos sinérxicos e acumulativos (aditivos, sumativos e globais) segundo obriga o art. 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A área de afectación de Borreiro presenta unha acumulación insostible de proxectos eólicos que non é avaliada.** Téñase en contra a xurisprudencia: Sentenza do TSJ Castela e León de Burgos, Sala do

Contencioso-Administrativo, Sección 1ª do 13 de xullo de 2012 e a Sentenza do TS 345/2018, do 5 de marzo.

7. **No EIA recoñécense impactos negativos sobre a saúde e a calidade de vida da veciñanza das aldeas afectadas (ruído, efecto sombra, campos electromagnéticos, impacto visual, perda de dereitos e usos nas propiedades, etc.).** Todos estas afeccións aparecen minimizadas sen un estudo rigoroso (no caso de campos electromagnéticos non aparece) que teña en conta os efectos sinérxicos e acumulativos da concentración de infraestruturas nunha mesma área sobre a poboación.
8. **As infraestruturas do P.E. Borreiro sitúanse excesivamente próximas a zonas habitadas: A Agrela, Guitón, Xestás, Quintillán, Levoso ou Cabanelas atópanse a menos de 1km de distancia dos aeroxeradores. Incumprindo as novas disposicións respecto ás distancias a núcleos de poboación, establecidas no art. 39 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que deben ser dunha distancia mínima equivalente a 5 veces a altura do aeroxerador (buxe + pala). No caso de Borreiro con AE de 205 m estaríamos a falar dunha distancia mínima de 1025 m.** Considérase un agravio comparativo e para a poboación afectada a non inclusión do PE Borreiro dentro deste novo marco legal, cando a Xunta de Galicia está recoñecendo que a distancia establecida no marco anterior é insuficiente para as dimensións dos aeroxeradores actuais. **É máis, calculando as distancias con buxe e pala, o BO-01 eo BO-02 nin sequera respectan os 500 m do núcleo delimitado de Quintillán.**
9. **O PE Borreiro prevé ocupar unha importante superficie agraria útil afectada por 3 procesos de concentración parcelaria: Liripio, Codeseda e Meavía Quintillán.** A execución do proxecto eólico faría necesaria unha completa reestruturación da configuración actual destas e dos seus viarios de acceso, cuestión que non está prevista en ningún punto de EIA e **incumprindo en suma o establecido na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.**
10. **O PE Borreiro afecta a unha área de alto valor ecolóxico e sensibilidade ambiental que suporá unha serie de afeccións severas sobre o patrimonio natural incorrendo nunha incorrecta avaliación dos impactos e vulnerando unha serie de normativas: Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, con afectacións sobre hábitats de interese comunitario prioritario (4030\*, 4020\* , 9230\*, etc.); Directiva 2009/147/CE de Conservación de aves silvestres e a Lei 5/2019 de Patrimonio Natural de Galicia incompatibilidade coa fauna local, existencia de especies vulnerables ou en perigo; Plan de Xestión do Lobo (art. 18.5 do D. 297/2008); afeccións moi severas sobre a Rede Natura 2000 e a súa coherencia: ao LIC do ZEC Serra do Candán (ES1140014) e a ZEPVN e ZEC Brañas de Xestoso (ES1140008), constituíndo a zona un corredor ecolóxico e unha área territorial de primordial importancia para poboacións de especies de fauna e flora, sen que o EIA faga unha adecuada e exhaustiva avaliación das repercusións, expresamente regulado nos arts. 3.1 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats e art.46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade (téñase en conta o razoamento xurídico Oitavo da Sentenza do TSXG sobre o parque eólico Oribio (STSJ GAL 6192/2020); afección severa e perxuízos irreversibles sobre humedais, brañas e turbeiras, algunhas non inventariados pola Xunta de Galicia e obviadas no EIA do proxecto.**

En virtude do anterior, **SOLICITA:**

**O rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental e das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do PE Borreiro e a súa liña de evacuación (IN408A 2019/63) polo que se pide a súa retirada definitiva por: infracción normativa, invalidez do documento ambiental e a súa tramitación (sesgo de información pública á cidadanía e outras AAPP), así como pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais, paisaxísticos e turísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.**

**OUTROSÍ DÍ:** Que é preciso unha resposta razoada a estas alegacións de acordo a la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

Forcarei, de de 2022

Asdo.-